



Parlamento das Letras: Víctor Fernández Freixanes

Publicado o [30/01/2013](#)

Víctor F. Freixanes é un plusmarquista literario. Foino dende o primeiro momento, sendo aínda un rapazolo que dirixía a Aula de Teatro da USC. E tamén cando na mítica Radio Popular de Vigo tiraba arreo polo carro da nosa cultura, o mesmo que fixo logo sostendo 'A Trabe de Ouro', aquel memorable programa da TVG dos oitenta.

Hoxe, e dende hai ben anos, é un dos intelectuais referenciais no mundo do editorialismo e o xornalismo galegos. Pero Freixanes foi e será sempre, antes cousa ningunha, un contador de historias, orais ou escritas, tanto ten, pois é innegable que nel encarnou a mellor das nosas tradicións oratorias.

Como narrador, e máis concretamente como novelista, Freixanes é dono dun singularísimo mundo creativo, cun estilo inconfundible que se alimenta do simbólico-mítico, o heroico-epopeico e o histórico-identitario a partes iguais, un universo que debuxa servíndose dunha estética requintada, vizosísima vocabularmente falando, cun declarado gusto pola ourivería de finísimo trazo nos períodos, sempre esmaltados coa palabra precisa.

A memoria dunha ducia e mais de galegos, dos fuxidos e represaliados, os triángulos cos que o pasado amuralla as circunferencias de noso, a cesárea aventura patagónica, tamén si esa crónica monumental ás raiceiras da Galicia máis rexa do seu último libro, Cabalo de ouros, son todos territorios explorados pola insaciable sede verbal deste autor davinciano que consegue magnetizar decote co seu discurso torrencial, profuso, oceánico.

Lean o que segue e entenderan o que deixo escrito.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Foi un movemento espontáneo pola miña banda. Se cadra mesmo tamén un algo xuvenil. Eu quería escribir, quería publicar o que escribía, tiña 16 ou 17 anos, lía moitísimo, e sempre me interesaron os artigos literarios que se publicaban no xornais. Historicamente (dende o mundo dos clásicos do XIX e os primeiros anos do século XX para acó), os xornais son o gran soporte da literatura na procura de novos públicos alén do libro, mais tamén excelentes plataformas para empezar a rodar, de xeito que empecei a enviar textos aos periódicos imitando máis ou menos aqueles autores que máis me conmovían, ou exemplos clásicos, máis da literatura española (que era a información que recibiamos na escola) que da literatura galega, á que accedín de xeito sistemático na universidade da man, entre outros, do profesor Carballo Calero. Lía de mozo os artigos de Cunqueiro e de Torrente Ballester en *Faro de Vigo*, os artigos de Miguel Delibes e os

dietarios de Josep Pla na revista *Destino*, Haro Tecglen e Manuel Vázquez Montalbán en *Triunfo* (Sixto Cámara), a revista *Índice, Cuadernos para el diálogo*, o suplemento de Artes e Letras do xornal madrileño *Informaciones* (Pablo Corbalán, Castro Arines, o citado Torrente Ballester)... Un revoltallo, como podedes ver. E logo, os clásicos: dende as crónicas de Mariano José de Larra a Hemingway, pasando por textos de Otero Pedrayo que caían nas miñas mans... A literatura nos xornais e a presenza dos escritores nos periódicos sempre me interesou. Non esquezamos que Curros Enríquez, por exemplo, é sobre todo un excelente periodista. E non digamos Lamas Carvajal, por non saír do XIX.

Un día empecei a mandar traballos aos medios, e algúns responderon. En Santiago presenteime na redacción de *El Correo Gallego*, que era o periódico máis próximo e traía a tradición de *La Noche*, un vespertino con carácter bastante literario, e ofrecínlle ao seu director un artigo. Titulábase: “Leila Khaled ou a liberdade de Palestina”. Era un texto longuíssimo e sospeito que bastante retórico sobre unha guerrilleira que viña de secuestrar un avión a prol da causa dos palestinos, mais o director do xornal non só mo publicou, senón que me pagou ¡cen pesetas! polo texto. Eu estudaba daquela segundo curso de Filosofía e Letras e andaba detrás dunha bolsa. ¡Cen pesetas! Alí empezou a historia. O director do periódico era Gerardo González Martín, que anos máis tarde me levaría tamén a Radio Popular de Vigo, outra experiencia xornalística magnífica. O xornalismo interesoume sempre, mesmo na súa relación coa literatura. Ou con outros xeitos de entender a literatura.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

De todas teño un magnífico recordo. A crítica sempre me tratou ben, diría que moi ben: tanto nos meus primeiros libros de carácter xornalístico (*Unha ducia de galegos*, 1976, e *Memorias dun fuxido*, 1980) como nas miñas primeiras obras de ficción, moi especialmente *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), que foi saudada cun entusiasmo extraordinario. Sentínme sempre moi apoiado polos críticos, incluído o recoñecemento dos premios. Certo que, segundo pasa o tempo e te vas facendo maior, pasa tamén a novidade daquel mozote que sorprendía porque amosaba un ton diferente do que se levaba. Pero non teño queixa ningunha, senón todo o contrario. E respecto do público, ¿que vou dicir? Sen público (sen lectores) non hai literatura, o público é a gasolina que activa o motor, e cada escritor, mesmo diría que cada obra, ten o seu público, o seu universo de lectores, que son todos distintos. O importante (supoño que tamén o difícil) é non defraudar os que xa están nese universo e, ao mesmo tempo, conseguir en cada nova proposta ampliar a base. Todo sen renunciar á identidade de cada quen, porque un escritor é tamén unha marca, un estilo, un xeito de entender a realidade, un universo de palabras que teñen marca de orixe. Nesa marca está a personalidade do escritor, que para min é algo fundamental.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Escribo. Escribo moito máis do que a xente pensa, aínda que publique pouco, se cadra polo meu oficio de editor, por un exceso de autocrítica ou por prexuízos comigo mesmo, non sei, son un algo perfeccionista de máis, nunca a cousa está como podería estar... Por iso case nunca volvo ler os meus libros, unha vez publicados. Pero escribo moito. Prefiro facelo polas mañás, que é cando teño a cabeza máis espelida. De todos xeitos, dado o tipo de vida que levo dende hai anos (metido en mil lideiras profesionais), depredín tamén a escribir nos aeroportos, nos hoteis... A novela *Cabalo de ouros* remateina, polo menos na súa primeira versión bruta, encerrado tres días nun hotel de México, coincidindo coa feira do libro de Guadalajara. Estaba bloqueada e, de

súpeto, apareceu a luz e xa non saín do hotel. Foi magnífico. Outras veces a cousa atranca máis. A escrita é un desaforo, unha viaxe interior, unha procura, unha vía de coñecemento, un xeito de explorar o mundo e compartilo cos lectores. Diría que a escrita é tamén unha necesidade, algo que levas dentro e que, unha vez que entraches neste universo, crea adicción, coma unha droga. Nos meus libros está o máis íntimo de min, transmutado en ficción, fabulación, metáfora, alegoría... Falo de min e falo tamén do meu país: Galicia, que é o universo principal sobre o que escribo.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Iso é cousa que deben establecer os críticos. Cada quen no seu labor.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Tampouco é cousa doada de facer. Vouno intentar.

Síntome escritor/ profesor/ xornalista/ editor/ activista cultural/ cidadán... Todas son facetas do mesmo personaxe, luces e sombras complementarias que non se poden entender unhas sen as outras. Empecei como xornalista (preferentemente nos espazos culturais, literarios e de opinión), ao primeiro escribindo en castelán, porque era o que mandaba, pero axiña puiden e me deron ocasión de facelo en galego. Neste aspecto a miña incorporación a Radio Popular de Vigo en 1974, onde me deron a oportunidade de desenvolver o meu traballo case exclusivamente na nosa lingua, fóra de incursións ocasionais anteriores, foi moi importante, con José Andrés Hernández de director da emisora e Gerardo González Martín de director de informativos, un de Salamanca e outro de Ávila, por certo. Daquela xa eu andaba a escribir *Unha ducia de galegos*, que saíu no 76. E os primeiros relatos...

A saída da *Ducia*... e das *Memorias dun fuxido*, que foi finalista do Premio Internacional da Prensa en Niza, escrita e publicada en galego (foi o segundo ou terceiro libro do catálogo de Xerais) e presentada pola revista *Triunfo* a través de Ramón Chao ao certame internacional, abríronme as portas dos xornais. Francisco Pillado chamoume para empezar a escribir de xeito constante en *La Voz de Galicia*. Antes, dende Madrid, en castelán, escribía unha crónica diaria para *Faro de Vigo* (1973) en sendo director Manuel Santaella e unha crónica semanal de carácter literario para a SER. Logo está a experiencia fantástica de *Teima*... O activismo vigués arredor do Círculo Ourenán e os Premios da Crítica etc. Os meus primeiros pulos estiveron moi pegados ao xornalismo. Cunha decidida vocación cívica, de intervención social, a prol da construción do noso país (Galicia), da súa lingua e da súa cultura, tamén cara á modernidade das súas estruturas e a afirmación democrática da nosa xente. Nunca disimulei esta dimensión “comprometida” co meu discurso xornalístico.

En 1983 gañei o Premio Blanco Amor de novela por *O triángulo inscrito na circunferencia*. E aquí empeza se cadra outra etapa, que non anula a anterior, pero que a complementa. Con anterioridade, dous anos antes, déranme o Premio Modesto Figueiredo de narracións curtas con *A caza das cascudas*. Coincide todo coa miña condición de catedrático de Lingua e Literatura Galega no ensino medio, na década dos 80, que me permitiu deixar o primeiro plano do xornalismo profesional, a infantería da profesión, que ocupa moitísimas horas e ten moitas servidumes, aínda que nunca a deixei de todo: radio, televisión (*A trabe de ouro*, 1986), colaboracións nos xornais etc.

A terceira etapa coincide coa miña incorporación á Facultade de Ciencias da Comunicación da USC e a miña actividade como editor a partir de 1988: primeiro dende a dirección de Xerais, logo

na dirección de edicións do grupo Anaya e de Alianza Editorial en Madrid e agora, dende 2002, na dirección xeral de Galaxia. É a miña etapa de editor, unha ocupación que absorbe moitísimo, pois implica dirección de empresas, proxectos, viabilidades de explotación económica, recursos humanos etc., pero que asumín (dende 1988) con plena consciencia do que quería e debía facer: axudar á construción dun sistema moderno de produción, difusión e comercialización da cultura e da lingua galega, moi especialmente da literatura, porque o desafío dos novos tempos pasaba por aí. Ás veces, cando falamos de literatura e de libros non pensamos na complexidade do sistema, que se fundamenta na existencia dunha sociedade civil activa e unhas estruturas e infraestruturas de creación que deben funcionar, moito máis neste mundo global e competitivo. Unha parte moi importante da miña enerxía e da miña creatividade (tamén da miña imaxinación) está aí, e síntome orgulloso de moitas iniciativas, algunhas das cales aínda seguen activas, tanto en Xerais como mesmo fóra de Galicia (Alianza Editorial).

Nos últimos tempos, á miña volta de Madrid en 1998, en Edicións Xerais desenvolvemos un proxecto moi ambicioso que non sei se foi valorado como merecía: *Galicia. Unha luz do Atlántico*, no que traballamos en equipo durante case tres anos. Máis adiante, con Alberto Meixide e outros compañeiros publicamos hai pouco *O capital da cultura* (2010), un mapa xeral sobre as industrias da produción cultural en Galicia que é a primeira vez que se facía. Son algúns exemplos. Hai outros. O meu currículo inclúe tamén unha ampla produción de investigación aplicada e ensaio relacionado con estes temas.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Leo moito, en parte tamén por razóns profesionais, pero tamén por pracer. O pracer do coñecemento e da descuberta, que inclúe de cando en vez os clásicos. Os grecolatinos principalmente. Non todo me gusta. Algunhas lecturas interesan porque quero ver como é posible que funcionen “milagres” que non se entende como poden funcionar...

Gústame o ensaio, as biografías, a historia... Leo en varios idiomas, principalmente en galego, castelán, portugués, italiano e francés... A miña cultura non é anglosaxona, a non ser a través de traducións. ¿Clásicos? Os grandes. A *Biblia* e o mundo greco-latino, como dixen (de Virxilio a Cicerón, de Catón o Vello a Agostiño de Hipona), o mundo artúrico (dende Malory ás versións de Steinbeck), textos e maxias da cultura oriental, india ou precolombina (¡o *Popol-Vuh* é unha xoia!), historias da relixión e dos mitos (Mircea Eliade), pero tamén Sábato, Rulfo, Alejo Carpentier, Albert Camus, Margarite Duras, Tomasso di Lampedusa, Leonardo Sciascia, Italo Calvino, Jorge Amado, Cardoso Pires, Eça de Queirós (*Os maias*), o Clarín de *La Regenta*, o Torrente Ballester de *La Saga-Fuga*, todo Valle-Inclán, a Pardo Bazán de *Los pazos de Ulloa*, Otero Pedrayo (¡un xigante!), a eficacia estilística das *Cousas* de Castelao, todo Blanco Amor, algúns contos de Rafael Dieste (“O vello e o tren”, por exemplo), a atmosfera rural de Ánxel Fole a transparencia de Casares...

Verás que prefiro non falar dos vivos, algúns deles magníficos (ademais de amigos), sobre todo algunhas delas. A incorporación da muller á literatura nas últimas xeracións é unha realidade obxectiva e extraordinariamente enriquecedora... ¿Podo seguir? Son bastante ecléctico, tampouco é cousa de encher a resposta de títulos.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Ás veces falta ambición. A ver se me explico... Cando o escritor (ou escritora) escriben, sexa en galego ou en calquera idioma, deben facelo contra o mundo, ou pensando no mundo, non para a pequena parroquia. Desgraciadamente traballamos demasiadas veces para a parroquia, para

gratificar a parroquia, para compracela e sentirnos aloumiñados por ela (porque ir por libre é moi ingrato e ás veces recibes de todas partes). Na miña opinión, iso empobrece o escritor. Eduardo Blanco Amor foi sempre por libre. Velaí a súa obra e as críticas que recibiu en vida, mesmo de moitos que agora o levan de aquí para alá enriba dunha peaña. Rosalía de Castro tamén ía por libre, alén das artes e manobras de Manuel Murguía... O escritor, ou escritora, deben saber que escribindo en galego escribimos para medirnos con Shakespeare, con Cervantes, con Schiller, con John dos Passos, con Faulkner, con Jorge Amado, con Borges, cos máis grandes, clásicos ou contemporáneos, porque os nosos lectores len tamén fóra da parroquia e a literatura ten sentido se, dende a propia identidade, sabemos facela universal. Tan importante para un escritor ou escritora galegos é Rosalía, Castelao ou Otero Pedrayo coma Dante, Virxilio, Stendhal ou Rulfo. Todos estamos no mesmo universo, cocémonos no mesmo caldo, cheo de interferencias. Enriquecémonos e contaminámonos mutuamente. Ninguén é unha illa, dicía o poeta John Donne.

Se cadra esta é unha das eivas da literatura que estamos a facer: pensamos moito nos nosos pequenos currunchos privados, que ás veces son esferas de supervivencia particular; quedámonos no pequeno curruncho de afiliados simpatizantes e incondicionais (que logo non son tan incondicionais) e pensamos pouco no conxunto da sociedade (tamén da sociedade galega) que é plural e esixente. Menos etiquetas, menos discursos politicamente correctos, menos receitas previsibles e santificadas, menos amiguíños nos que protexernos e máis ambición. Estamos no tempo. Nunca tanta produción houbo.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Perdoar, perdoar... Gustaríame poder rematar en condicións dúas ou tres novelas que levo dende hai anos na cabeza. Un libro de relatos que vai empezado. E algunha incursión no territorio do ensaio, tanto nos ámbitos da comunicación como do oficio de escribir e mais no futuro do propio país. Preocúpame moito o futuro de Galicia, como cultura e como identidade. De Galicia e dos homes e mulleres que a habitan, e que son tamén a memoria dos avós.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Moi plural, moi aberto, como dixeran antes. Hai trinta anos todo era “sota, cabalo e rei”. Fóra de Cunqueiro, Blanco Amor, Otero, Castelao, Neira Vilas e algunha outra cousa apenas saíamos da resistencia. Afortunadamente, hoxe a literatura galega amosa unha pluralidade de rexistros que confirman a súa modernidade a todos os efectos. Tamén hai unha produción maior. Para que xurdan picos de excelencia cómpre dispor de bases cuantitativas que os sosteñan e infraestruturas empresariais que os activen e difundan. Unha parte moi importante da miña vida profesional e mesmo da miña actividade intelectual foi nesta dirección: participar activamente na creación de infraestruturas e modelos empresariais de produción cultural para o noso país, sen os cales non hai futuro posible.

Coido que avanzamos bastante. Pero os desafíos tamén son moi fortes: a globalización, os novos consumos, novos valores, novas tecnoloxías, crise financeira, crise económica, crise demográfica... Vivimos na tormenta perfecta. Mais seguimos carecendo dun proxecto político eficaz, quero dicir: capaz de activar e mobilizar unha maioría suficiente da nosa sociedade, que asuma a identidade do país e os desafíos do seu futuro. Esta é unha reflexión non estritamente literaria, pero que afecta tamén á literatura, á creación, como afecta a todo. Sen lectores non hai literatura, dixeran antes. Os lectores son a sociedade. Sen sociedade civil activa, comprometida, ilusionada, mobilizada, non hai país, mellor sería cerrar a tenda.

A xente nova é un territorio que se cadra non estamos a coidar abondo ou coa intelixencia necesaria. Penso nos pais e as nais que non falan galego cos fillos e están a romper a cadea de transmisión afectiva e biolóxica. Penso nas nosas institucións, desorganizadas ou faltas dunha coordinación necesaria, instaladas ás veces no minifundismo. Penso nos nosos políticos, encerellados en guerreñas cativas e nas oficinas de colocación particulares, sen dar co denominador común necesario. Penso na nosa burguesía (das dez primeiras fortunas de España cinco son galegas) que mira para outra parte. Penso nos desafíos da tecnoloxía e da globalización. Penso na demografía... Hai razóns abondo para ser pesimista. Pero eu non estou por esas. Demasiado cómodo. O máis fácil, intelectualmente, é deixarse levar pola catástrofe do diagnóstico. O difícil é construír, propoñer, crear, imaxinar... Tamén hai razóns para empuxar deste lado: a creatividade da xente, o milagre dun país que segue vivo a pesar da lei da gravidade, o pulo da xente nova, a iniciativa dos que andan por fóra buscando a vida por libre, a potencialidade dos recursos naturais, a identidade (que é un activo impagable)... Lonxe de abaixarnos, isto debe esixirnos máis, obrigarnos a facer autocrítica, e quen non entre por estas e siga a teimar no seu curruncho particular (oficina de colocación) saquémoslo de diante. Demos pasos importantes. Pero necesitamos estratexias de unidade, accións compartidas (mesmo cos que non pensan coma nós), unha placa para botarlle xuntos ao edificio, un pacto histórico xeneroso, intelixente... Hai unha chea de cuestións que o esixen: a educación, a lingua, a cultura, o medio natural, a organización do territorio, a ciencia e a tecnoloxía etc. A ambición á que me refería antes é moi necesaria.

Ambición non é o mesmo que cobiza. A ambición é lexítima, universal, aberta, estimula ou debe estimular a creación e a imaxinación. A cobiza é miserable, pataqueira, tende ao sectarismo, desconfía de todo o que non é seu, mata a sementeira nova... Todo isto, aínda que non o parece, está moi presente nas miñas novelas.